

## **ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DO BARCO DE VALDEORRAS DE 3 DE SETEMBRO DE 2015**

Na Casa Consistorial do Concello do Barco de Valdeorras, sendo as 19:09 horas do 3 de setembro de 2015, baixo a Presidencia do alcalde-presidente Don Alfredo Laudelino García Rodríguez, reúnen-se no salón de sesións a Corporación Municipal do Concello do Barco de Valdeorras, ós efectos de realizar a sesión extraordinaria convocada para o día da data, constituíndose coa asistencia dos seguintes señores/as:

Dna. Margarida Pizcueta Barreiro  
D. Aurentino Alonso Araujo  
Dna. María Irene Dacal Feijóo  
D. Orlando Luis Arturo Saavedra Cantillana  
Dna. Diana Urdangaray Díaz  
D. Miguel Neira Ojea  
Dna. Cristina Domínguez Rodríguez  
D. Jesús Jares Almeida  
Dna. Alicia Álvarez Fernández  
D. Arsenio Moldes Gómez  
D. Carlos Javier Crespo Díaz  
Dna. Sabina Aguado García  
D. Enrique Pérez Roca  
D. Antonio Melo García  
D. Félix García Yáñez

Non asiste a concelleira D<sup>a</sup> Nieves Rodríguez Voces cuxa ausencia é desculpada polo alcalde.

Interveu como secretario D. Jesús Tallón García. Concorre o interventor D. José Manuel Muñoz Domínguez.

Declarado aberto o acto polo sr. alcalde-presidente, procédese ó estudo dos asuntos incluídos na orde do día.

### **1º Aprobación das actas do Pleno das sesións celebradas os días 25 de xuño e 9 de xullo de 2015.**

Pregunta o Sr. Alcalde si hai algunha observación que facer ás actas das sesións celebradas polo Pleno os días 25 de xuño e 9 de xullo de 2015, e

non formulándose ningunha, as devanditas actas resultaron aprobadas por unanimidade dos dezaseis concelleiros asistentes na sesión.

**2º Ditame da Comisión Informativa de Contas relativo á modificación orzamentaria mediante o crédito extraordinario núm. 6/2015 para financiamento de proxecto de gastos**

Pola Presidencia concédeselle a palabra ó sr Alonso Araujo que fai uso dela para dar conta do ditame e dicir que esta modificación corresponde a unha partida que se vai a destinar a tres apartados diferentes, en primeiro lugar á expropiación dunha finca na rúa Juan Giral nº 39 por valor de 8.000€, que está próxima ao parque arqueolóxico da Finca da Cruz, que é unha parcela destinada a espazos libres e zonas verdes, que ten 400 m<sup>2</sup> e está afectada como zona de respecto do xacemento arqueolóxico alí existente, que na parcela se atopa unha edificación en estado de ruína, e que segundo a valoración do Técnico Municipal só habería que aportar 4.000 € pois a cantidade restante correspondería aos traballos de demolición da edificación en ruína. En segundo lugar, di o concelleiro que se pretende destinar 2.257,86 € para a reparación do toldo da escola infantil, que esixe un cambio de guías, de motor, reparación de telas, etc.. O terceiro destino da modificación di o concelleiro que é facer unha adquisición de 50 mesas e 100 cadeiras para ter no concello a disposición de calquera tipo de evento que se celebre e non ter que alugalas cando fai falta. Di o concelleiro que o total ascende a 16.957,86€ que corresponden a partidas existentes da baixa por anulación de persoal laboral.

Concédeselle a palabra ao voceiro do P.P., sr. Moldes Gómez, que di que o voto do seu Grupo vai a ser favorable e sinala que no informe de Intervención se di que en calquera caso é recomendable que estas propostas sexan comunicadas polos responsables do servizo coa debida antelación.

Concédeselle a palabra ao concelleiro sr. García Yáñez que di que vai a votar a favor neste punto.

Rematado o debate o Pleno en votación ordinaria e por unanimidade dos seus dezaseis membros asistentes, adopta o seguinte acordo:

**1. Aprobar inicialmente o expediente de modificación do Orzamento da corporación para 2015 na modalidade de crédito extraordinario 06/2015 financiado co expediente de baixa por anulación 05/2015, que consta dos seguintes documentos:**

- **Providencia da Alcaldía do 25/08/2015.**

- **Memoria xustificativa da Alcaldía do 25/08/2015.**
- **Informe do Arquitecto municipal de 14/05/2015 en relación ao xusto prezo da expropiación dun terreo.**
- **Certificación da Intervención do 25/08/2015.**
- **Informe de Fiscalización da Intervención Municipal do 25/08/2015.**

**2. Dispor a publicación do presente acordo no Taboleiro de Edictos do Concello e no Boletín Oficial da Provincia conforme ao establecido na normativa de Facendas Locais. Si transcorrido o prazo de exposición ao público, expresado no artigo 169.1. do TRLRHL, non se presentan alegacións ou reclamacións, o presente acordo elevarase a definitivo.**

**3º Ditame da Comisión Informativa de Contas relativo á modificación orzamentaria mediante crédito extraordinario núm. 7/2015**

Fai uso da palabra o sr. Alonso Araujo para dar conta do ditame e dicir que esta modificación corresponde a unhas obras que se van a levar a cabo no campo de fútbol, que irían con cargo ao superávit do remanente de Tesourería, que supón un orzamento de 36.300 €, que o informe da Intervención é favorable e as obras consisten no revestimento da fachada exterior do campo de fútbol, pintura de puntos que estima oportuno o arquitecto municipal, remates de cornixa, bancadas de madeira nas propias gradas onde actualmente hai formigón, reparación de aseos, etc, que se quere aproveitar a circunstancia de que se conta cun equipo de fútbol en 3ª división nacional e reiterar a felicitación ao Centro de Deportes Barco, que dende o Concello procederase ao mantemento, adecentamento e reparación dun patrimonio municipal como o campo de fútbol e que as veces o campo de fútbol é a primeira tarxeta de visita que se recibe por familiares e deportistas que utilizan a instalación polo que esa primeira imaxe da Vila debe ser adecuada. Prosegue dicindo o sr. concelleiro que ao estar o equipo na 3ª División tamén recibe un tratamento diferente por parte da televisión autonómica que emite imaxes de todos os partidos que xoga na casa, polo que pensa que todo o que se expuxo son motivos suficientes para levar a cabo estas reformas no campo de fútbol. Remata dicindo o sr. Alonso que o Centro de Deportes Barco conta con 97 licenzas entre 3ª División, xuvenís, cadetes e infantís e que, segundo o presidente do Clube, nos últimos partidos houbo unha media de 1.200 a 1.300 espectadores, polo que tamén queda bastante xustificado o investimento.

Concédeselle a palabra ao concelleiro sr. Pérez Roca, que di que o seu Grupo está de acordo coas obras que se propoñen facer no campo de fútbol, que é un estadio que dende fai 35 anos que se construíu non tivo

investimentos agás unhas pequenas obras de mellora nos vestiarios. Di que o estadio estase quedando obsoleto por completo polo que cre que o equipo de goberno debería ter feito vai tempo un plan integral para reformalo, pois hoxe en día é dos peores estadios que hai en vilas similares en toda Galicia. Di o concelleiro que a contía de 36.000 € que supón a modificación de crédito ven tarde pois xa tiña que estar presupostado especificamente preguntase se as obras se farían para o caso de que non ascendera o Clube de fútbol. Prosegue dicindo que aínda que as obras son necesarias o concello ten que ir a un proxecto máis ambicioso e, por exemplo, facer unha tribuna funcional e para iso hai que pedir axudas á Xunta de Galicia ou á Deputación Provincial. Remata dicindo o sr. Pérez Roca que o seu Grupo, está de acordo coas obras, que o comentaron na Comisión de Obras que a tribuna central ten uralita, e iso contén amianto, e se dixo que a ían a cambiar, e que o seu Grupo xa o pediu fai un par de anos nun pleno e non tiveron resposta e que esta é unha obra por saúde da xente que vai alí é pensa que é máis importante esa obra que a da fachada.

Concédeselle a palabra ao concelleiro sr. García Yáñez que di que están en contra desta modificación orzamentaria, pois pensa que unha modificación do campo e os anexos tiña o Concello que haber solicitado e intentado negociar co Centro Superior de Deportes ou coa Federación de Fútbol algún tipo de subvención. Di que están en contra tamén porque non lle parece prioritario o gasto, pois hai outras obras máis prioritarias como por cheiros ao redor da rúa Caleras. Di o concelleiro que non ve a necesidade de gastar 36.000€ no campo de fútbol pois esa instalación utilízase por dous clubs e os dous teñen un acordo de subvencións co Concello e por riba o Concello ten que asumir todos os gastos de mantemento. Conclúe que polo exposto vai votar en contra do ditame.

Concédeselle a palabra ao sr. Alonso Araujo que fai uso dela para dicir que evidentemente hai prioridades e que para o Equipo de goberno a prioridade neste momento, aparte doutras obras que se están levando a cabo, é esta polo motivos que xa explicou, que quen máis está a utilizar o estadio é o Centro de Deportes Barco e o Adas, que traballa con centos de nenos e de pais, e as utilizacións non son puntuais senón que son continuas, que en relación co fibrocemento hai unha normativa a nivel nacional pero que non é tanto para que se retire o material senón de cara a súa manipulación, que mentres non se manipule o fibrocemento non pasa absolutamente nada, soamente hai que retiralo unha vez se manipule con determinadas medidas de seguridade. Afirma o concelleiro que o campo non é que estea obsoleto pero que é un edificio antigo con máis de trinta anos, que quizás sexa dos primeiros campos de fútbol que se fixeron na provincia a nivel de vilas, e

que noutras vilas como as das provincias de A Coruña, Lugo e Pontevedra teñen campos de fútbol máis modernos e bastante máis preparados porque as diferentes Deputacións se preocuparon de aportar a cantidade económica necesaria para que iso fose así, cousa que non pasou na provincia de Ourense nestes últimos anos, e que espera que isto cambie agora. Di o sr. Alonso que o equipo de goberno está aberto á participación económica doutras administracións.

Concédeselle a palabra ao sr. Pérez Roca que fai uso dela para dicir que hai que saber o que se quere, que o Concello ten que facer un proxecto e ir aos organismos correspondentes para solicitar a axuda, que el non recorda que se fixera ningún expediente sobre o asunto que se está a tratar nin que se pedira axudas á Xunta de Galicia ou á Deputación, que cada un ten que ter a súa responsabilidade e é do Concello a responsabilidade de tratar de conseguir as mellores instalacións deportivas posibles, que o seu Grupo no programa electoral levaban unha reforma integral desa zona e que está disposto a acompañar ao equipo de goberno ata a Secretaría Xeral de Deportes, Xunta de Galicia ou Deputación para conseguir fondos para ese investimento.

Concedéselle a palabra ao sr. García Yáñez que fai uso dela para dicir que pensa que é unha obra innecesaria, que son 30 partidos de fútbol ao ano e o club Adas utiliza as instalación tres días á semana, e que se trata de modificar a tribuna, non o céspede do campo de fútbol, que está ben así como as pistas de atletismo que son excelentes. Di que o investimento non lle parece prioritario, aínda que se teña que facer, pero que para iso se deberían obter subvencións e que para iso está a Federación de Fútbol. Di o concelleiro que non hai que esquecer que o Centro de Deportes Barco ademais de utilizar gratis o campo de fútbol recibe do Concello 18.000 € ao ano e o Club Adas 8.000€ polo que, ao seu xuízo, non están desamparados por parte do Concello. Remata dicindo o sr. García Yáñez que como non lle parecen prioritarias as obras o seu voto será en contra.

Fai uso da palabra o sr. alcalde para dicir que aconsella ao sr. Roca que mire o Plan de Urbanismo pois si mira os planos seguro que a proposta de tirar a grada xa non a faría e que sobre o tema da Dirección Xeral de Deportes da Xunta de Galicia dicirlle que se comprometeu a facer a pista de Vilanova e de momento mandou un escrito dicindo que tiña 50.000€ e esa obra vale 107.000€ e que probablemente como non a van a facer Concello verase obrigado a denunciar o convenio e recuperar para os veciños de Vilanova o antigo campo de fútbol, que foi un compromiso asinado pola Consellería de Medio Rural. Di que o que propón o equipo de goberno é mellorar a

bancada, axeitala, dende o punto de vista da comodidade dos espectadores e da visión e da imaxe que proxecta ao exterior ese campo, que iso é unha cousa e outra é tirar unha bancada ou uns vestiarios que cumpren a súa función e que nestes tempos ningunha administración se compromete cunha obra que pode chegar aos 400 ou 500.000€.

Rematado o debate o Pleno en votación ordinaria e por quince votos a favor (dos concelleiros García Rodríguez, Pizcueta Barreiro, Alonso Araujo, Dacal Feijóo, Saavedra Cantillana, Urdangaray Díaz, Neira Ojea, Domínguez Rodríguez, Jares Almeida, Álvarez Fernández, Moldes Gómez, Crespo Díaz, Aguado García, Pérez Roca e Melo García) e un en contra (do concelleiro García Yáñez), adopta o seguinte acordo:

**1. Aprobar inicialmente o expediente de modificación do Orzamento da corporación para 2015 na modalidade de crédito extraordinario 07/2015 financiado con cargo ao superávit orzamentario/remanente de tesourería para gastos xerais, que consta dos seguintes documentos:**

- **Providencia da Alcaldía do 25/08/2015.**
- **Memoria xustificativa da Alcaldía do 25/08/2015, de concesión do crédito extraordinario.**
- **Memoria económica da Alcaldía do 25/08/2015, en relación ao investimento financeiramente sostible, co informe do Arquitecto municipal de data 24/08/2015 como anexo.**
- **Certificacións da Intervención do 25/08/2015, de inexistencia de crédito axeitado e suficiente, e de uso do superávit orzamentario.**
- **Informe de Fiscalización da Intervención Municipal do 25/08/2015.**

**2. Dispor a publicación do presente acordo no Taboleiro de Edictos do Concello e no Boletín Oficial da Provincia conforme ao establecido na normativa de Facendas Locais. Si transcorrido o prazo de exposición ao público, expresado no artigo 169.1. do TRLRHL, non se presentan alegacións ou reclamacións, o presente acordo elevarase a definitivo.**

**4º Ditame da Comisión Informativa de Contas relativo á modificación orzamentaria mediante transferencia de crédito núm. 15/2015 para gastos obradoiro de emprego “Barco, Carballeda e Rubiá embelecen”**

Fai uso da palabra o sr. Alonso Araujo para dar conta do ditame e dicir que se vai a transferir a cantidade de 62.995,17€ para dotar ao obradoiro de emprego “*Barco, Carballeda e Rubiá embelecen*” da cantidade necesaria

para gastos de aluguer de medios de transporte e materiais que van a utilizar en todo o proceso de actuacións que se van a levar a cabo. Di que estos gastos se cargarán con cargo a aplicacións presupostarias destinadas ás prazas de persoal laboral vacantes para o que hai que facer transferencia pois os gastos non están contemplados nos orzamentos posto xa que cando se redactan non se sabe se van conceder ou non este tipo de actuacións. Di o concelleiro que a modificación ten o informe favorable da Intervención Municipal.

Concédeselle a palabra ao voceiro do Grupo municipal do Partido Popular, o sr. Moldes Gómez, que di que van votar a favor ao ser favorable o informe de Intervención.

Concédeselle a palabra ao concelleiro sr García Yáñez que fai uso dela para dicir que xa na comisión correspondente lle pareceu ben pero que quere manifestar que presentarán unha moción cando se faga o próximo obradoiro para que nas bases de convocatoria das prazas non fada entrevista persoal senón que se sorteen as prazas entre a xente que reúne os requisitos que figuran na convocatoria, sobre todo para evitar suspicacias entre a xente non escollida.

Di o sr. Alcalde que, como xa se dixo na Comisión, as bases fainas a Xunta de Galicia e ademais nos traballadores non hai entrevista persoal, simplemente se recollen unha serie de datos e o que conta ó final é a puntuación obtida, que para o caso de que se presente un escrito por algún concelleiro remitirase á Xunta pero non cando sexa a selección pois nese momento as bases xa están aprobadas xa que se aproban xunto coa convocatoria da subvención dos obradoiros.

Di o sr. García Yáñez que está que si o Concello asume a proposta que el anunciou e lla manda á Xunta para que polo menos a valore e xa que dentro de dous anos hai eleccións pode ser un mecanismo válido a estudar polo novo goberno autonómico.

Rematado o debate o Pleno en votación ordinaria e por unanimidade dos seus dezaseis membros asistentes, adopta o seguinte acordo:

**1. Aprobar inicialmente o expediente de modificación do Orzamento da corporación para 2015 na modalidade de transferencia de crédito 15/2015, que consta dos seguintes documentos:**

- **Providencia da Alcaldía do 25/08/2015.**
- **Documento contable modelo 101 de retención de crédito.**

- **Informe de Fiscalización da Intervención Municipal do 25/08/2015.**

**2. Dispor a publicación do presente acordo no Taboleiro de Edictos do Concello e no Boletín Oficial da Provincia conforme ao establecido na normativa de Facendas Locais. Si transcorrido o prazo de exposición ao público, expresado no artigo 169.1. do TRLRHL, non se presentan alegacións ou reclamacións, o presente acordo elevarase a definitivo.**

**5º Ditame da Comisión Informativa de Contas relativo a bonificación do ICIO solicitada por Dona María Teodora Paz Domínguez.**

Fai uso da palabra o alcalde que di que a actuación bonificada consiste en obras nunha vivenda en O Castro núm. 10, que conta cos informes técnicos favorables e lle correspondería unha bonificación do 95%. Dáse conta do ditame da Comisión de Contas de 28 de agosto de 2015.

Non producíndose debate o Pleno en votación ordinaria e por unanimidade dos seus dezasete membros asistentes, adopta o seguinte acordo:

**Primeiro: declarar a obra descrita nos antecedentes, de especial interese histórico-artístico e cultural, por concorrer circunstancias previstas no artigo 6.3 da Ordenanza Fiscal Reguladora do ICIO.**

**Segundo: propoñer á Xunta de Goberno Local a concesión da correspondente bonificación do 95% na cota do ICIO.**

**6º Ditame da Comisión Informativa de Contas relativo a bonificación do ICIO solicitado por Dona María del Carmen Fernández Rodríguez**

Di o sr. Alcalde que se trata de obras de reparación de edificio na Rúa San Roque núm. 4, que conta cos informes técnicos desfavorables por facer a obra antes de solicitar a bonificación. Dáse conta do ditame da Comisión de Contas de 28 de agosto de 2015.

Non producíndose debate o Pleno en votación ordinaria e por unanimidade dos seus dezasete membros asistentes, adopta o seguinte acordo:

**ACORDAMOS:**

**1. Non propoñer a concesión da correspondente bonificación na cota do ICIO.**



**7º Ditame da Comisión Informativa de Contas relativo a bonificación do ICIO solicitado por Don Guillermo Redondo Fernández**

Di o sr. Alcalde que se trata de obras de rehabilitación dunha vivenda sita na Rúa Real núm. 24, que conta cos informes técnicos favorables e cunha bonificación do 95%. Dáse conta do ditame da Comisión de Contas de 28 de agosto de 2015.

Non producíndose debate o Pleno en votación ordinaria e por unanimidade dos seus dezasete membros asistentes, adopta o seguinte acordo:

**Primeiro: declarar a obra descrita nos antecedentes, de especial interese histórico-artístico e cultural, por concorrer circunstancias previstas no artigo 6.3 da Ordenanza Fiscal Reguladora do ICIO.**

**Segundo: propoñer á Xunta de Goberno Local a concesión da correspondente bonificación do 95% na cota do ICIO.**

**8º Ditame da Comisión de Obras, Medio Rural, Cemiterio e Parques e Xardíns relativo á proposta de días inhábiles no termo municipal.**

Dáse conta do ditame da comisión informativa celebrada o 25 de agosto de 2015. Di sr. Alcalde que como pon no ditame ao coincidir o día da festa de Santa Rita en domingo pásase ao luns, que como sempre se lle pide a opinión ao sector comercio e contestaron que prefiren que o día festivo sexa o luns.

Non producíndose debate, o Pleno en votación ordinaria e por unanimidade dos seus dezaseis membros asistentes, adopta o seguinte acordo:

**Primeiro. Propoñer ao órgano competente a determinación como días inhábiles no termo municipal do Barco de Valdeorras, declarándose festivos locais, as seguintes datas:**

<b>Luns, 23 de maio de 2016</b>	<b>Día seguinte ó día de Santa Rita</b>
<b>Mércores, 14 de setembro de 2016</b>	<b>Festas do Cristo</b>

**Segundo. Dar traslado de certificación do presente acordo á Xefatura Territorial da Consellería de Traballo e Benestar.**

**9º Previa ratificación da súa inclusión na orde do día, proposición da Alcaldía para adiantar a celebración da sesión ordinaria do mes de outubro de 2015 no día 30 de setembro de 2015.**

Trala ratificación da inclusión deste asunto na orde do día por unanimidade dos concelleiros asistentes, di o sr. Alcalde que a sesión ordinaria correspondente ao mes de outubro tería que celebrarse o xoves día 1 e propónse adiantala ata o día 30 de setembro, porque a Conta Xeral está en exposición pública e a lei di que ten que estar aprobada antes do día 1 de outubro entón adiantase o pleno ordinario para non ter que convocar un pleno extraordinario e así apróbase a Conta xeral o día 30 de setembro, cumprindo coa legalidade.

Non producíndose debate, o Pleno en votación ordinaria e por unanimidade dos seus dezaseis membros asistentes, acordou:

**-Que a celebración da sesión ordinaria do mes de outubro de 2015 do Pleno da Corporación Municipal do Concello do Barco de Valdeorras (que correspondería celebrar o día 1 de outubro) se adiante e celebre, con carácter de sesión ordinaria, o día 30 de setembro de 2015.**

## **FASE DE CONTROL AOS ÓRGANOS DE GOBERNO**

### **1. Mocións urxentes**

Di o sr. Alcalde que presentouse unha moción por Félix García Yáñez o luns aínda que non vai na orde do día porque xa estaba asinado o decreto de convocatoria e xa comezara a notificalo a Policía Local. Di que como é a primeira moción que presenta o sr. García Yáñez quere informarlle que é norma deste Concello que todas as mocións se debatan, se presenten cando se presenten, antes ou despois da convocatoria do Pleno. Explica o sr. Alcalde o funcionamento na presentación de mocións, e di que todos os asuntos que non foron ditaminados previamente nunha comisión informativa, estean ou non na Orde do día, primeiramente hai que ratificar a súa inclusión na Orde do día para poder debatela.

Pregunta o sr. García Yáñez si hai unha normativa no Concello para presentar as mocións, si hai prazo límite.

Contéstalle o sr Alcalde que non o hai, que pola Secretaría estase redactando un regulamento de pleno onde se regulamentaran todas estas cuestións. Di que en calquera caso existen sempre as mocións urxentes e pódese limitar o número de mocións a presentar nun pleno por cada Grupo municipal.

A continuación o sr. Presidente somete a votación a declaración da urxencia do asunto, sendo aprobada a unanimidade, en votación ordinaria, por unanimidade dos dezaseis concelleiros asistentes.

**Moción presentada polo Grupo Mixto sobre a necesidade de manter e ampliar os servizos de transporte colectivo por estrada que actualmente se prestan dende a estación de autobuses.**

O sr. García Yáñez dá lectura da proposición presentada, que copiada literalmente di:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Debido ao número crecente de viaxeiros e a situación xeográfica periférica da comarca con respecto á comunidade galega é de suma importancia ofrecer un servizo de viaxeiros de calidade que permita unha comunicación directa e rápida entre O Barco ca capital provincial, ca capital autonómica así como cas localidades da bisbarra e das provincias estremeiras, para cubrir as necesidades de cada un dos nosos conveciños.

Nos derradeiros anos vimos como o servizo ferroviario de proximidade entraba en un proceso de declive auspiciado polo ministerio de Fomento e levado a cabo pola dirección de RENFE renunciando a manter un servizo: rápido, eficaz e barato, o que precipitou a fuxida dos potenciais viaxeiros cara o transporte privado.

Transporte de viaxeiros por estrada que nos derradeiros anos manifestou unha absoluta falta de seriedade por parte das empresas concesionarias do servizo. Actualmente traballan a través da estación de autobuses de forma deficiente catro empresas que nos conectan con Ourense (tres frecuencias diarias), Santiago (unha frecuencia diaria), Ponferrada (seis frecuencias diarias), Madrid (unha frecuencia diaria) e a Rúa (dúas frecuencias diarias), co inconveniente a maiores da redución durante a fin de semana e festivos. Tamén hai un servizo diario cara Asturias, con término en Xixón. Amais dáse a circunstancia de que a liña que nos comunica con Barcelona non utiliza a estación de autobuses e descarga viaxeiros na raqueta da N-120 á altura da Vila do Castro.

Deficiencias do servizo a todas luces combinadas con imprevistos cambios de horarios, atrasos, falta de información e abandono da estación de autobuses por parte da Xunta, que ten as competencias, o que provoca que a diario moitos veciños teñan que desprazarse en vehículos privados á estación de autobuses de Ponferrada para poder viaxar.

A todo isto hai que engadir a comunicación, por parte da empresa concesionaria, da supresión para finais do verán da liña que nos comunica con Oviedo e Xixón tan utilizada por estudantes valdeorreses. Cancelación que vai poñendo en situación insostible a propia supervivencia da estación de autobuses.

Por outra parte, queremos deixar claro que esta moción non pon en dúbida a profesionalidade dos condutores e traballadores da estación de servizo que con dedicación levan a cabo a súa tarefa.

Polo exposto Riada Cidadá no Concello de O Barco de Valdeorras, presenta ao Pleno da corporación, para a súa aprobación os seguintes:

#### ACUERDOS

1º Instar á Xunta de Galicia a intervir para dotar á estación de autobuses de O Barco de Valdeorras das necesarias reformas estruturais e de mantemento ca finalidade de dar un servizo adecuado e de calidade, poñendo punto final aos problemas que se ocasionan constantemente aos usuarios.

2º O Concello fará todo tipo de xestións ante as administracións para potenciar a estación de autobuses para coller novos destinos e manter os servizos de liñas que están en perigo de desaparecer así como para incrementar as frecuencias en función das necesidades dos desprazamentos interurbanos, racionalizando horarios e destinos.

3º Instar ao Ministerio de Fomento para que esixa á empresa concesionaria da liña Pontevedra-Barcelona a necesaria entrada na estación de autobuses ca finalidade de garantir a mínima seguridade dos usuarios no cumprimento das mínimas normas do regulamento de viaxeiros.”

Concédeselle a palabra ao voceiro do PP, sr. Moldes Gómez, que di que non tiveron coñecemento da moción ata agora.

Fai uso da palabra o sr. alcalde para dicir que está no expediente dos asuntos do Pleno dende o luns 31 de agosto.

O sr. Moldes afirma que foi ver os asuntos do Pleno o martes e non a viu.

Infórmase pola Secretaría que ao non formar parte do expediente do pleno non ten porque estar cos asuntos, aínda que a moción se incorporou ao expediente o luns.

Di o alcalde que os grupos teñen que ter coñecemento das mocións para poder apoialas ou rexeitalas, e que de todas formas habería que asumir o compromiso de que cando se presente unha moción despois da convocatoria do Pleno remitirla aos voceiros por correo electrónico, escaneada, para que a teñan no seu poder.

Di o sr. Moldes Gómez que o concello tería que facer un estudo dos viaxeiros e reunirse coas empresas que prestan os seus servizos para ver como se podería mellorar ese servizo, que por suposto o seu Grupo quere se mellore, pero que primeiramente tería que facerse ese estudo polo concello e despois xa se falaría coa Xunta ou co Ministerio de Fomento.

Di o sr. Alonso Araujo que pola información que ten pensa que hai un pequeno erro na moción presentada, pois a liña que non para no Barco, que non entra na estación de autobuses, non é a de Pontevedra-Barcelona, posto que a que vai a Barcelona, segundo dixo o encargado da estación, que é o responsable da cafetería, si que entra na estación de autobuses pero o que non entra é o que fai a liña dende Oporto, Ourense, A Rúa e vai ata París e dende alí a Londres, que ten a súa parada oficial na Rúa e que cando fai o recorrido inverso parece ser que para na explanada que hai diante do Hotel Espada, facéndolle un favor aos viaxeiros que veñen ao Barco para que podan baixar aí e non ter que ir ata A Rúa. Prosegue dicindo o concelleiro que en todo caso vaise a pedir que o responsable da estación de autobuses dea este dato por escrito e remata dicindo que tamén falta poñer na Moción os dous servizos diarios que hai ata Viana.

Di o sr. García Yáñez que a el tamén lle deu os datos o responsable da estación de autobuses e díxolle que dende Viana non había liña porque a xente ía ata A Rúa e como da Rúa a Viana era outra concesión pois a xente baixaba na Rúa e collían outro autobús. Di que con respecto a liña de Barcelona foi a información que lle deu e que de todas formas aínda que sexa outra liña a que para na raqueta onde o Hotel Espada deberían de entrar na Estación de Autobuses por seguridade e por comodidade dos viaxeiros.

Di o sr. Alonso Araujo que o que si é preocupante é que o luns foi o último día que entrou na Estación de Autobuses do Barco o autobús que vai a Asturias, que segundo o encargado da Estación é unha liña bastante utilizada, que hai bastantes rapaces que estudan en Asturias e que moita xente da Comarca de Valdeorras que se despraza a Asturias.

Rematado o debate o Pleno en votación ordinaria e por once votos a favor (dos concelleiros García Rodríguez, Pizcueta Barreiro, Alonso Araujo, Dacal Feijóo, Saavedra Cantillana, Urdangaray Díaz, Neira Ojea, Domínguez Rodríguez, Jares Almeida, Álvarez Fernández e García Yáñez) e cinco abstencións (dos concellerios Moldes Gómez, Crespo Díaz, Aguado García, Pérez Roca e Melo García), adopta o seguinte acordo:

**1º Instar á Xunta de Galicia a intervir para dotar á estación de autobuses de O Barco de Valdeorras das necesarias reformas estruturais e de mantemento ca finalidade de dar un servizo adecuado e de calidade, poñendo punto final aos problemas que se ocasionan constantemente aos usuarios.**

**2º O Concello fará todo tipo de xestións ante as administracións para potenciar a estación de autobuses para coller novos destinos e manter os servizos de liñas que están en perigo de desaparecer así como para incrementar as frecuencias en función das necesidades dos desprazamentos interurbanos, racionalizando horarios e destinos.**

**3º Instar ao Ministerio de Fomento para que esixa á empresa concesionaria da liña Pontevedra-Barcelona a necesaria entrada na estación de autobuses ca finalidade de garantir a mínima seguridade dos usuarios no cumprimento das mínimas normas do regulamento de viaxeiros.**

Di o sr Alcalde que tamén se presentou unha Moción polo Grupo Municipal Socialista relativa a instar á Xunta a recuperación da Comisión de Participación Cidadá.

A continuación o sr Presidente somete a votación a declaración de urxencia do asunto, sendo acordada a urxencia en votación ordinaria por unanimidade dos dezaseis concelleiros asistentes.

Concédeselle a palabra ao concelleiro delegado de Servizos Sociais, Igualdade e Sanidade, sr Saavedra Cantillana, quen dá lectura á Moción presentada

“MOCION QUE PRESENTA O GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA DE O CONCELLO DO BARCO DE VALDEORRAS PARA INSTAR Ó GOBERNO DA XUNTA Á RECUPERACIÓN DA COMISIÓN DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ.

#### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os concellos da Área Sanitaria de Valdeorras Os concellos da Área Sanitaria de Valdeorras constatamos con preocupación o progresivo deterioro da Sanidade Pública, e tamén a opacidade na xestión dun servizo público de primeira necesidade por parte da actual Administración da Xunta e da xerencia do EOXI (Estructura Organizativa de Xestión Integrada) de Ourense. Esta xerencia é directamente responsable do abandono da Área Sanitaria de Valdeorras, das súas

estruturas hospitalarias así como dos centros de saúde de Atención primaria, tanto das instalacións como dos seus recursos humanos e profesionais.

O EOXI non serviu como dicían como ferramenta para potenciar a calidade da asistencia sanitaria na área. A integración só serviu para constatar que somos periferia marxinal e non hai ideas de xestión respecto á nosa área para resolver os problemas que día a día teñen na xestión da área de Ourense. A única idea parece ser a de esquilmar os nosos recursos sanitarios.

Nunha estrutura como o EOXI, a súa xestión debe servir para potenciar a calidade asistencial e achegar a atención organizada aos cidadán. A capacidade centralizadora debe servir para chegar ao sector máis débil na organización. Ten que servir para planificar tendo en conta o conxunto dos recursos e para apoiar a organización dos servizos médicos co fin de facelos máis eficientes e eficaces no día a día da atención aos paciente e os seus familiares. No noso ámbito, en particular, ten que lograr fortalecer a Atención Primaria como ferramenta fundamental na organización da Xestión e planificación da asistencia sanitaria.

Temos constatado, a través das denuncias permanentes da plataforma sanitaria de Valdeorras y de la Xunta de Persoal del area Sanitaria de Valdeorras, que os cidadáns desta Área non podemos dispor de recursos profesionais axeitados e de calidade. Coas prazas que lle corresponden á Área Sanitaria de Valdeorras, a Xestión Integrada reforza as deficiencias do Centro Hospitalaria de Ourense. Para esta zona nomean profesionais con contratos miserables, de media xornada, contratos de días, de semanas de cinco días, sen fins de semanas, contratos mes a mes de médicos hospitalarios, eliminando calquera posibilidade de lograr o seu compromiso co ámbito no que lles toca traballar.

Contrátanse actividades con empresas privadas, externalizando servizos sanitarios e non sanitarios que son totalmente asumibles desde a xestión pública, condenando persoal propio a inhibirse nas súas propias competencias.

Retíranse profesionais de enfermaría dos Centros de Saúde en Atención Primaria, imposibilitando que se cumpran os programas establecidos nos controis de enfermidades crónicas, na atención a domicilio, no apoio á consulta médica e no seguimento dos coidados correspondentes ás cotas de pacientes que lles corresponden, creando unha planificación da atención, que deixa a pacientes sen a atención axeitada ou sen atención.

A retirada das prazas de dous fisioterapeutas diminúe drasticamente a oferta de rehabilitación na área, e obriga aos profesionais a traballar con outras pautas e criterios técnicos, o que diminúe a calidade das prestacións e ata pode considerarse unha falla evidente de ética asistencial cara aos pacientes e os seus requirimentos terapéuticos.

Establécense diferentes programas asistenciais como Hospitalización a domicilio, Atención post hospitalización (programas necesarios en áreas de poboación envellecidas e rural) pero faise retrotraendo recursos a outras áreas ou,

directamente, retirando recursos en servizos como Atención Primaria. O resultado é que todo queda no enunciado, ou se realiza unha prestación de baixa calidade, a pesar dos esforzos dos profesionais.

Véndese o crecemento da carteira de servizos, baseado na posta en marcha de consultas de especialidades, pero sen unha integración real dos servizos na actividade do Hospital. As consultas dependen directamente da capacidade de contratar un profesional da forma menos atractiva, coa incerteza de canto pode durar a mesma, e desvinculada da responsabilidade do Servizo con xestión a nivel do EOXI.

Pecháronnos este verán máis do 20% das camas do HCV. No apartado tecnolóxico, no que fai referencia as necesidades para un bo diagnóstico médico, o aparataxe é caduco e obsolecente. Cómpranse equipos que se levan para Ourense porque superan o nivel tecnolóxico deste Hospital, como un EcoCardio Transesofáxico. Por outro lado, quédanse equipos que non dan ningunha seguridade aos profesionais que os usan. O máis rechamante, os equipos de RX e en particular o TAC, con anos escoitando promesas de substitución e que parece que agora estáse a instalar. Imponse tecnoloxía a usar, sen ter en conta a opinión dos profesionais.

Tendo en conta todas estas cuestións, é evidente que a Área Sanitaria de Valdeorras é tratada como periferia e non se perciben as nosas necesidades, non hai proxecto de futuro para a sanidade da área de Valdeorras por parte dos actuais xestores e non se escoitan os profesionais comprometidos coa Área.

Os concellos, como institucións públicas que representan os cidadáns, non temos competencias directas sobre a xestión sanitaria, pero en nome da cidadanía esiximos que se convoque de inmediato a **Comisión de Participación Cidadá**, organismo establecido na Lexislación de Organización Sanitaria da nosa comunidade, co fin de que se nos explique cales son os plans da administración sanitaria para a Área Sanitaria de Valdeorras, e que nos renda conta da súa xestión, dos seus obxectivos e dos seus resultados. En democracia, hai que render conta da xestión pública e do uso dos seus recursos.

**Por todo iso, o Grupo Municipal Socialista do Concello do Barco de Valdeorras presenta para a súa consideración e aceptación polo Pleno Municipal a aprobación dos seguintes ACORDOS :**

**1.-Instar ao Goberno da Xunta, á Consellería de Sanidade e á xerencia do EOXI de Ourense a que, de forma inmediata, adopte as medidas necesarias para convocar de xeito inmediato a Comisión de Participación Cidadá da Área de Valdeorras.**

**2.-Esixir ao Goberno da Xunta, á Consellería de Sanidade e á xerencia do EOXI de Ourense a paralización do goteo da perda de persoal sanitario e se dote ao Hospital Comarcal Valdeorras da tecnoloxía sanitaria adecuada.**



**3.-Expresar o apoio do Concello do Barco de Valdeorras á Plataforma Sanitaria de Valdeorras, ás súas manifestacións ao documento que se achega.**

**4.-Expresar o apoio do Concello do Barco de Valdeorras ao mantemento dun Sistema sanitario PUBLICO , UNIVERSAL GRATUITO E DE CALIDADE.”**

Concédeselle a palabra ao voceiro do P.P., sr. Moldes Gómez, que di que dende o P.P. pensan que non é apropiada a presentación da Moción porque fai uns días inaugurouse un TAC cun investimento de case 500.000 € que permite realizar cerca de 3.000 exploracións anuais. Di que o Hospital do Barco vaise a beneficiar dun novo mamógrafo que suporá un investimento de cerca de 300.000 €, ou da dixitalización da sala de radioloxía que contará cun orzamento de 70.400 €, que baixan as esperas e que reduciuse o tempo de espera nas consultas externas. Di o concelleiro que por suposto que hai que mellorar pero pensa que non hai que facer tanta alarma pois estanse a realizar melloras.

Concédeselle a palabra ao concelleiro sr. García Yáñez que di que o seu Grupo asume completamente a moción presentada polo Partido Socialista e que lle asombran as declaracións do voceiro do PP. Prosegue dicindo que ten coñecidos que teñen que ir a Ourense cada pouco e o que lle representa á familia non só a viaxe senón que a xente teña que estar internada en Ourense porque o Hospital do Barco xa non asume certos procedementos sanitarios. Di o concelleiro que lle parece que a sanidade en Valdeorras vai de capa caída e que a política da Xunta a nivel sanitario é privatizala.

Di o sr. Saavedra Cantillana que cre que é necesario que a Comisión de Participación Cidadá se reúna porque é alí onde a administración sanitaria debe dar conta do que fixo e do que vai facer. Di que se tardou cinco anos en traer un TAC ao Hospital de Valdeorras e despois realmente houbo diferentes problemas chegando a ter que trasladar pacientes a Ourense para poderllo facer, que agora o Hospital ten un TAC pero despois de cinco anos.

Di o sr. Moldes Gómez que o seu Grupo está de acordo co primeiro punto da parte dispositiva da Moción, que votarían a favor si se puidera votar por partes o acordo.

Di o Alcalde que hai que votar a Moción enteira pero que queda constancia na Acta que o Partido Popular está de acordo co primeiro punto do acordo da Moción, é dicir coa necesidade de que os responsables da Consellería de Sanidade convoquen a Comisión de Participación Cidadá.

Rematado o debate o Pleno en votación ordinaria e por once votos a favor (dos concelleiros García Rodríguez, Pizcueta Barreiro, Alonso Araujo, Dacal Feijóo, Saavedra Cantillana, Urdangaray Díaz, Neira Ojea, Domínguez Rodríguez, Jares Almeida, Álvarez Fernández e García Yáñez) e cinco contra (dos concelleiros Moldes Gómez, Crespo Díaz, Aguado García, Pérez Roca e Melo García), adopta o seguinte acordo:

**1.-Instar ao Goberno da Xunta, á Consellería de Sanidade e á xerencia do EOXI de Ourense a que, de forma inmediata, adopte as medidas necesarias para convocar de xeito inmediato a Comisión de Participación Cidadá da Área de Valdeorras.**

**2.-Esixir ao Goberno da Xunta, á Consellería de Sanidade e á xerencia do EOXI de Ourense a paralización do goteo da perda de persoal sanitario e se dote ao Hospital Comarcal Valdeorras da tecnoloxía sanitaria adecuada.**

**3.-Expresar o apoio do Concello do Barco de Valdeorras á Plataforma Sanitaria de Valdeorras, ás súas manifestacións ao documento que se achega.**

**4.-Expresar o apoio do Concello do Barco de Valdeorras ao mantemento dun Sistema sanitario PUBLICO , UNIVERSAL GRATUITO E DE CALIDADE.**

## **2. Rogos e preguntas.**

Pide a palabra o sr. Moldes Gómez quen, unha vez concedida, pregunta se comezaron as obras en CEDIE e se a contratación da Empresa se realizou dende o Concello.

Contesta o sr. alcalde dicindo que é un terreo que ten que entregar a propiedade completamente rematado ao Concello, como pasa con todas as urbanizacións nos desenvolvementos urbanísticos, e que loxicamente haberá un acta de recepción asinada polo técnico municipal que faga constar que a obra está en condicións, aínda que teña un período de garantía.

Pide a palabra o sr. Pérez Roca quen, unha vez concedida, di que quere facerlle unha pregunta á Concelleira de Cultura que consiste en coñecer se tal e como algunha información que recibiu esta semana a Casa Río Cigüeiro está ocupada pola semana por algún Grupo que ensaia alí.

Contéstalle a sra. Pizcueta Barreiro que non ten constancia diso.

Di o sr Pérez Roca que teñen constancia de queixas de que algún grupo ensaia alí e que esta semana estivo ata as doce da noite e a xente non puido durmir. Di que ten que pedir desculpas porque non é na Casa Río Cigüeño senón en O Chao.

Fai uso da palabra o sr. alcalde para dicir que no Chao hai unha charanga a quen se lle cedeu o soto, que arranxaron, pois estaba en malas condicións e ensaian alí. Di que evidentemente se están tocando ata as 12 da noite se lles dirá que rematen antes, aínda que non consta que estean ata esas horas.

Di o sr. Pérez Roca que quere preguntar sobre o uso do albergue de Xagoaza e afirma que o día 1 de agosto houbo un grupo de mozos que ocuparon este albergue durante a noite e a súa pregunta é si o albergue é para uso de peregrinos ou para calquera xente.

O sr. Alcalde afirma que no albergue ten estado moita xente, peregrinos e xente que ven ata ó Barco e que sube ata alí, sobre todo en festas ou con motivo de concertos, que como non ten unha demanda excesiva tampouco hai un regulamento, que ó final o que ten que ter é uso.

O sr. Pérez Roca fai uso da palabra para dicir que se unhas persoas veñen a Vila, por exemplo, á ruta do viño en Vilamartín, e se lle ofrece un albergue no Barco prexudícase a pensións e hoteis. Di o concelleiro que tamén ten información de que se lles cobrou a eses usuarios do albergue 8 euros por persoa.

O sr. alcalde di que se lle cobra a todos os usuarios porque ten gastos de limpeza, mantemento, etc. e que se lles dá un servizo e non ten porqué ser gratis, que todos os albergues cobran, mesmo os da Xunta que hai no Camiño de Santiago, e calquera persoa pode durmir alí se paga. Di que cando hai no Barco actividades fundamentalmente deportivas soen encherse todas as pensións e prazas hoteleiras e hai moita xente que remata indo ao albergue, pois ao fin é un albergue e está para dar servizo, que non sabe cál é o problema, que non se pode impedir a ninguén que vaia a durmir alí.

Di o sr. Pérez Roca que el preguntou na Secretaría e na Intervención e lle informaron que non había ningún regulamento do albergue.

Di o sr. Alcalde que iso xa o acaba de dicir, pero que si hai que facelo faise.

Pide a palabra o sr. García Yáñez quen, unha vez concedida, di que o outro día foi paseando ata a pincheira de Fervenza e non puido acceder pola maleza, que logo tamén foi ata o mirador da Escrita e que está bastante sucio, que sería conveniente, xa que se anuncia como ruta, se rozara o acceso á pincheira e se limpara o mirador. Di que como se está a potenciar o turismo e é unha ruta bonita deberíase limpar ó principio do verán, pois hai moita xente aficionada a pasear.

Di o sr Alcalde que sobre o mirador da Escrita non lle pode dar resposta nestes momentos pero que sobre o acceso á pincheira rozouse no mes de xuño polos GES aínda que ó ser unha zona moi húmida coa calor que fixo pode ser que necesite nova limpeza, que estase pendente de arranxar polos carpinteiros da escola-taller un tramo de varanda destruída por un chopo que caeu no inverno e que en canto se poda se limparán esas zonas.

### **3. Dación de conta en materia de morosidade do 2º trimestre de 2015.**

Dáse conta pola alcaldía-presidencia do informe de morosidade do segundo trimestre do ano 2015, sobre cumprimento da Lei de Morosidade e do informe da Alcaldía sobre xustificación do incumprimento.

### **4. Dación de contas das resolucións da Alcaldía dende o nº 390/15 ata o nº 463/15**

A Presidencia dá conta das Resolucións ditadas pola Alcaldía dende a última sesión ordinaria ata a data da convocatoria da sesión e que abranguen dende o nº 390/15 ata o nº 463/15

### **5. Dación de contas das actas da Xunta de Goberno Local de 18 e 25 de xuño; 2, 9 e 16, 23 e 30 de xullo de 2015; 13 e 20 de agosto de 2015.**

A Presidencia dá conta das actas da Xunta de Goberno Local de datas 18 e 25 de xuño; 2, 9, 16, 23 e 30 de xullo de 2015 e 13 e 20 de agosto de 2015

### **6. Dación de contas dos concelleiros que integran cada unha das Comisións Informativas**

Di o sr Alcalde que polos Grupos municipais presentáronse propostas co nomeamento dos seus representantes nas diferentes Comisións Informativas, que se reproducen de seguido:

**COMISIÓN DE FACENDA, PATRIMONIO E PROMOCIÓN ECONÓMICA**

- PSOE:** Alfredo L. García Rodríguez  
Margarida Pizcueta Barreiro  
Aurentino Alonso Araujo  
Irene Dacal Feijoo  
Orlando Saavedra Cantillana  
Diana Urdangaray Díaz
- Suplentes:** Miguel Neira Ojea  
Cristina Domínguez Rodríguez  
Jesús Jares Almeida  
Alicia Álvarez Fernández
- PP:** Arsenio Moldes Gómez  
Carlos Javier Crespo Díaz  
Enrique Pérez Roca
- Suplentes:** Sabina Aguado García  
Nieves Rodríguez Voces  
Antonio Melo García
- Grupo Mixto:** Félix García Yáñez

**COMISIÓN DE OBRAS, MEDIO RURAL E CEMITERIO, E PARQUES E XARDÍNS**

- PSOE:** Alfredo L. García Rodríguez  
Miguel Neira Ojea  
Aurentino Alonso Araujo  
Cristina Domínguez Rodríguez  
Diana Urdangaray Díaz  
Jesús Jares Almeida
- Suplentes:** Margarida Pizcueta Barreiro  
Irene Dacal Feijoo  
Orlando Saavedra Cantillana  
Alicia Álvarez Fernández
- PP:** Arsenio Moldes Gómez  
Enrique Pérez Roca  
Antonio Melo García
- Suplentes:** Carlos Javier Crespo Díaz  
Sabina Aguado García  
Nieves Rodríguez Voces

**GRUPO MIXTO:** Félix García Yáñez

**COMISIÓN DE MEDIO AMBIENTE E SERVICIOS**

**PSOE:** Alfredo L. García Rodríguez  
Diana Urdangaray Díaz  
Miguel Neira Ojea  
Irene Dacal Feijoo  
Jesús Jares Almeida  
Alicia Álvarez Fernández

**Suplentes:** Margarida Pizcueta Barreiro  
Aurentino Alonso Araujo  
Orlando Saavedra Cantillana  
Cristina Domínguez Rodríguez

**PP:** Carlos Javier Crespo Díaz  
Sabina Aguado García  
Nieves Rodríguez Voces  
M<sup>a</sup> Estela Delgado Fernández

**Suplentes:** Arsenio Moldes Gómez  
Enrique Pérez Roca  
Antonio Melo García

**GRUPO MIXTO:** Félix García Yáñez

**COMISIÓN DE CULTURA, EDUCACIÓN E TURISMO**

**PSOE:** Alfredo L. García Rodríguez  
Margarida Pizcueta Barreiro  
Irene Dacal Feijoo  
Orlando Saavedra Cantillana  
Cristina Domínguez Rodríguez  
Alicia Álvarez Fernández

**Suplentes:** Aurentino Alonso Araujo  
Diana Urdangaray Díaz  
Miguel Neira Ojea  
Jesús Jares Almeida

**PP:** Sabina Aguado García  
Nieves Rodríguez Voces  
Antonio Melo García

**Suplentes:** Arsenio Moldes Gómez  
Carlos Javier Crespo Díaz  
Enrique Pérez Roca

**GRUPO MIXTO:** Félix García Yáñez

### **COMISIÓN DE SERVIZOS SOCIAIS, IGUALDADE E SANIDADE**

**PSOE:** Alfredo L. García Rodríguez  
Orlando Saavedra Cantillana  
Margarida Pizcueta Barreiro  
Cristina Domínguez Rodríguez  
Jesús Jares Almeida

**Suplentes:** Aurentino Alonso Araujo  
Irene Dacal Feijoo  
Diana Urdangaray Díaz  
Miguel Neira Ojea

**PP:** Sabina Aguado García  
Nieves Rodríguez Voces  
Antonio Melo García

**Suplentes:** Arsenio Moldes Gómez  
Carlos Javier Crespo Díaz  
Enrique Pérez Roca

**GRUPO MIXTO:** Félix García Yáñez

### **COMISIÓN DE PERSOAL, TRÁFICO E SEGURIDADE CIDADÁ**

**PSOE:** Alfredo L. García Rodríguez  
Margarida Pizcueta Barreiro  
Aurentino Alonso Araujo  
Irene Dacal Feijoo  
Orlando Saavedra Cantillana  
Diana Urdangaray Díaz

**Suplentes:** Miguel Neira Ojea  
Cristina Domínguez Rodríguez  
Jesús Jares Almeida  
Alicia Álvarez Fernández

**PP:** Arsenio Moldes Gómez  
Carlos Javier Crespo Díaz  
Enrique Pérez Roca

**Suplentes:** Sabina Aguado García  
Nieves Rodríguez Voces  
Antonio Melo García

**GRUPO MIXTO:** Félix García Yáñez

### **COMISIÓN DE DEPORTE, XUVENTUDE E PARTICIPACIÓN CIDADÁ**

**PSOE:** Alfredo L. García Rodríguez  
Aurentino Alonso Araujo

Miguel Neira Ojea  
Cristina Domínguez Rodríguez  
Jesús Jares Almeida  
Alicia Álvarez Fernández  
**Suplentes:** Margarida Pizcueta Barreiro  
Irene Dacal Feijoo  
Orlando Saavedra Cantillana  
Diana Urdangaray Díaz

**PP:** Arsenio Moldes Gómez  
Carlos Javier Crespo Díaz  
Antonio Melo García

**Suplentes:** Sabina Aguado García  
Nieves Rodríguez Voces  
Enrique Pérez Roca

**GRUPO MIXTO:** Félix García Yáñez

Pide a palabra o sr. García Yáñez quen, unha vez concedida, di que quere preguntar pola resolución número 410/15 relativa a apertura dun expediente sancionador a un traballador do GES, que polos informes que foi recabando parécelle que ese expediente sancionador está de máis, porque primeiramente o GES non está para o traballo que estaban realizando, para montar e desmontar toldos para as feiras e en segundo lugar que lle parece que este expediente se non se para a tempo ou se toma unha resolución fácil, pode dar pé a unha denuncia por acoso laboral do responsable.

Di o sr. Alcalde que é un expediente que aínda non rematou, que hai un escrito cunha queixa e o Concello o que ten é que facer precisamente un expediente para ver quen ten razón. Di que cando se resolva verase quen tiña razón e tomarase a decisión correspondente, e que o que se está a facer nestes momentos non é procedente, que hai que seguir un procedemento e respectar os tempos de cada procedemento.

Di o sr. García Yáñez que segue insistindo que cando se abre un expediente esa denuncia tería que chegar ao Pleno.

Di o sr Alcalde que o sr. García Yáñez pode pensar moitas cousas pero que o que se está a facer é cumprir a Lei.



E non habendo máis asuntos que tratar, polo sr. alcalde-presidente levántase a sesión sendo as 20:15 horas do día indicado no encabezamento, estendéndose a presente acta do que eu, como secretario, dou fe.

O secretario

O alcalde

Jesús Tallón García

Alfredo L. García Rodríguez